

Regulamento 04/2026, do Consello de Goberno, de 19 de xuño de 2026, polo que se aproba o réxime interno do Departamento de Letras

PREÁMBULO	2
TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto do regulamento e ámbito de aplicación	2
Artigo 2. Natureza e funcións.....	2
TÍTULO III. Órganos de goberno e representación do departamento	3
CAPÍTULO I. Órganos colexiados	3
Sección primeira. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados	3
Artigo 3. Convocatorias e sesións.....	3
Artigo 4. Quórum de constitución	5
Artigo 5. Asistencia	5
Artigo 6. Ordenación das deliberacións	5
Artigo 7. Votación e adopción de acordos.....	6
Artigo 8. Actas das sesións.....	7
Artigo 9. Medidas para conciliar a vida persoal, familiar e laboral	7
Sección segunda. O Consello de Departamento	8
Artigo 10. Composición	8
Artigo 11. Competencias.....	8
Artigo 12. Actuacións	9
Artigo 13. A Comisión Permanente do Consello de Departamento	9
Sección terceira. Seccións departamentais	9
Artigo 14. Organización e competencias.....	9
CAPÍTULO II. Órganos unipersoais.....	10
Artigo 15. A directora ou o director de Departamento	10
Artigo 16. A secretaria ou o secretario de Departamento	11
TÍTULO IV. Modificación do regulamento.....	11
Artigo 17. Modificación.....	11
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	11
Disposición final primeira. Habilitación	11
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	11

PREÁMBULO

A recente aprobación dos Estatutos da Universidade da Coruña, por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), adaptados ás disposicións da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, esixe revisar o regulamento de réxime interno do Departamento de Letras para o adaptar á nova composición e ás funcións que se lles asignan.

Este novo regulamento substitúe o que aprobou o Consello de Goberno o 20 de xullo de 2017, e incorpora unha regulación máis detallada do funcionamento dos órganos colexiados, a actualización da composición e das competencias do Consello de Departamento conforme aos novos Estatutos e unha definición máis precisa do papel da Comisión Permanente e das seccións departamentais. Ademais, introdúcese previsións sobre o uso de medios electrónicos e medidas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto do regulamento e ámbito de aplicación

1. Este regulamento rexe o funcionamento, a organización e as competencias do Departamento de Letras e será de obrigado cumprimento para todas as persoas que o integran.
2. En todo o que non estiver disposto neste regulamento aplicarase o que está establecido con carácter básico na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 2. Natureza e funcións

1. O Departamento de Letras (a partir de agora, Departamento) é a unidade de docencia encargada de coordinar o profesorado que imparte as ensinanzas, de acordo coa programación docente da Universidade, nas seguintes áreas de coñecemento: Filoloxía Alemá, Filoloxía Francesa, Filoloxías Galega e Portuguesa, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Italiana, Filoloxía Latina, Filoloxía Románica, Lingua Española, Lingüística Xeral, Literatura Española e Teoría da Literatura e Literatura Comparada.
2. Son funcións do Departamento as seguintes:
 - a) Participar na elaboración dos plans de estudo e dos plans de organización docente, que inclúan materias da súa competencia, nas condicións que regulamentariamente se determinen.
 - b) Asignarlle ao profesorado a docencia das materias dentro da súa área ou especialidade de coñecemento, de acordo cos criterios que estableza o Consello de Goberno.
 - c) Elaborar e propoñer, para a súa aprobación pola Xunta de centro, as guías docentes das distintas materias que imparta o departamento, que incluirán, entre outras

cuestións, a programación das materias, as metodoloxías docentes e os criterios de avaliación que se van empregar no proceso de ensino-aprendizaxe.

d) Emitir un informe sobre as modificacións que lles afecten na relación de postos de traballo do profesorado, así como sobre as necesidades de contratación deste.

e) Participar nos procedementos de selección do profesorado adscrito ao departamento e nos procesos de promoción interna, nos termos que estableza a normativa vixente.

f) Supervisar, en colaboración cos centros, o cumprimento das obrigas docentes do profesorado adscrito ao departamento, conforme á normativa que estableza o Consello de Goberno.

g) Participar nos procesos de avaliación da calidade institucional e a promoción activa da mellora da calidade e da acreditación das súas actividades docentes.

h) Coñecer e apoiar as iniciativas docentes do seu profesorado, promover a comunicación e a colaboración entre eles e entre os distintos ámbitos de coñecemento, de ser o caso, e con outras universidades para asegurar o acceso equitativo aos medios de que dispoña o departamento, así como o seu óptimo aproveitamento.

i) Impulsar a renovación pedagóxica do seu profesorado.

j) Xestionar os recursos que se lles asignen para cumprir as súas funcións e administrar os medios persoais.

k) Calquera outra que lles atribúa a lexislación vixente, os Estatutos ou as súas normas de desenvolvemento.

TÍTULO III. Órganos de goberno e representación do departamento

CAPÍTULO I. Órganos colexiados

Sección primeira. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados

Artigo 3. Convocatorias e sesións

1. Os órganos colexiados do Departamento reuniranse en sesión ordinaria ou extraordinaria.

2. As sesións dos órganos colexiados realizaranse por decisión da presidencia do órgano ou por solicitude dun vinte e cinco por cento (25 %) das persoas que o integran. Neste último caso, a sesión deberá ter lugar no prazo máximo de vinte días hábiles, agás que concorran razóns de urxencia, debidamente acreditadas, que impongan un prazo menor.

3. As sesións ordinarias realizaranse cantas veces for necesario e, polo menos, tres veces ao ano de se tratar do Consello de Departamento ou unha vez ao ano no resto dos casos.

A convocatoria seralles remitida ás persoas que integran o órgano pola persoa

secretaría cunha antelación mínima de dous días hábiles, acompañada da orde do día e da documentación relativa aos distintos puntos para tratar ou, de ser o caso, coa indicación do repositorio institucional en que poderán acceder a ela.

A orde do día fixaraa a presidencia do órgano. Porén, deberá incluír os puntos da orde do día que lle solicite, cunha antelación de dous días hábiles á remisión da orde do día, un vinte por cento (20 %) das persoas que integran o órgano ou, malia non acadar a referida porcentaxe, todas as persoas que integren un dos sectores representados no órgano.

Na orde do día figurarán a aprobación da acta da sesión anterior, o informe da presidencia, de ser o caso, a deliberación e os acordos sobre as cuestións que sexan sometidas a aprobación, a toma de coñecemento dos asuntos que non estean suxeitos a aprobación, pero de que o órgano deba ter coñecemento formal, e a emisión de informes cando lle sexan requiridos por outro órgano da UDC. Como último punto da sesión debe figurar a quenda aberta de intervencións.

As sesións ordinarias terán lugar en días hábiles e preferentemente pola mañá e fóra dos períodos de avaliación establecidos no calendario académico oficial da UDC.

4. As sesións extraordinarias convocaranse cando, por razóns de urxencia, non se poida remitir a convocatoria coa antelación requirida no parágrafo anterior ou teñan que se realizar nos períodos de avaliación.

A convocatoria rexerese polo que está disposto para as sesións ordinarias, agás a antelación con que debe ser remitida, que será dun día hábil.

A orde do día fixaraa a presidencia do órgano e recollerá exclusivamente os puntos relativos aos acordos que requiran tratamento de urxencia ou que, coincidindo co período de avaliación, non se poidan aprazar.

5. As deliberacións e as votacións dos asuntos realizaranse seguindo a orde do día. Porén, a presidencia, de xeito motivado, poderá modificar a orde de tratamento, deixar asuntos sobre a mesa para tratar noutra sesión ou retirar puntos da orde do día.

6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estivesen presentes todas as persoas que integran o órgano e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto da maioría.

7. As sesións poderanse realizar de modo presencial, a distancia ou en formato híbrido. No caso de ser a distancia ou híbrida, utilizaranse as ferramentas de videoconferencia da UDC e na convocatoria sinalarase con claridade o sistema de conexión para participar na sesión.

8. No suposto de que unha sesión teña unha duración excesiva, a presidencia poderá interromper esta e fixar a data e a hora da súa continuación. Nese caso, a sesión proseguirá no día e a hora que na propia sesión estableza a presidencia, sen necesidade de remitir unha nova comunicación, orde do día ou documentación.

Artigo 4. Quórum de constitución

1. Para a válida constitución do órgano colexiado para os efectos de realizar sesións, deliberar e adoptar acordos, requirirase a presenza das persoas que exercen a presidencia e a secretaría ou de quen as substitúa e da metade, polo menos, das persoas que integran o órgano.

2. De non se alcanzar o dito quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria, quince minutos despois, coa presenza da presidencia e da secretaría, ou de quen as substitúa, e coas persoas asistentes. Para estes efectos, na convocatoria das sesións deberase facer referencia expresa á existencia de segunda convocatoria e á hora de constitución.

Artigo 5. Asistencia

1. A asistencia ás sesións é un dereito e un deber para as persoas que integran o órgano. De non poder asistir, deberáselle comunicar a ausencia coa razón que corresponda por correo electrónico á secretaría, con anterioridade ao inicio da sesión.

2. A condición de persoa integrante dun órgano colexiado é persoal e non se pode delegar, agás que unha norma o estableza.

3. Poderán ser invitadas ás sesións persoas alleas ao órgano, con voz e sen voto, cando a súa presenza se relacione con algún punto da orde do día. A invitación será cursada pola presidencia, por decisión propia ou por petición dun vinte por cento (20 %) das persoas que integran o órgano. As persoas só poderán asistir á deliberación do punto da orde do día para o que recibiron invitación.

4. Así mesmo, a presidencia poderá autorizar a asistencia, sen voz e sen voto, de persoas da comunidade universitaria, logo da solicitude motivada realizada con antelación suficiente, agás que concorran razóns de interese público, de protección de datos de carácter persoal ou outras debidamente motivadas.

Artigo 6. Ordenación das deliberacións

1. A presidencia dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates e garantirá o cumprimento destas normas e da cortesía académica.

2. A presidencia poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinar a duración de cada intervención.

3. As persoas que integran o órgano teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos incluídos na orde do día.

4. Ningunha persoa poderá ser interrompida cando fale, agás pola presidencia para advertir de que manteña a orde ou que se cinga ao tema.

5. As intervencións por alusións só se autorizarán para que a persoa a que se refiran poida contestar as manifestacións que afecten a súa persoa ou a feitos que se manifesten durante a discusión. A presidencia do órgano determinará se procede a intervención por alusións e establecerá o tempo para responder. A intervención débese

cinguir a responder a alusión.

6. En calquera momento das deliberacións, calquera persoa integrante do órgano poderá advertir de cuestións de orde e pedir a observancia das normas legais ou regulamentarias, citando os artigos aplicables. Tras oír as posturas ao respecto, decidirá a presidencia.

7. Unha vez que remate o tempo para intervir, a presidencia poderá retirar o uso da palabra logo de convidar dúas veces a persoa para que conclúa.

8. A presidencia chamará á orde as persoas que integran o órgano cando incumplan o regulamento, profiran expresións vexatorias, ofensivas ou contrarias á cortesía académica ou alteren a orde do debate mediante interrupcións ou outros comportamentos.

9. Se unha persoa é chamada á orde tres veces na mesma sesión, a presidencia poderalle prohibir asistir ao resto da sesión. Se se negase a abandonar esta, a presidencia poderá suspender a sesión e retomala sen a súa presenza.

10. Cando unha intervención se aparte notoriamente do asunto que figure na orde do día ou sexa reiterativa respecto de asuntos xa aprobados, a presidencia advertirá a persoa que teña uso da palabra para que se cinga á cuestión. Se persiste, poderalle retirar o uso da palabra.

Artigo 7. Votación e adopción de acordos

1. As votacións poderanse realizar por asentimento, a man alzada, por chamamento ou de maneira secreta. A presidencia decidirá a utilización dunha ou outra modalidade, agás que unha norma dispoña o modo de votación.

Os acordos consideraranse adoptados por asentimento cando as propostas non susciten oposición e ningunha persoa que integra o órgano requira outra forma de votación.

A votación secreta poderase usar cando o estime a presidencia, cando o acordo que se adopte teña carácter persoal ou cando o solicite, polo menos, o vinte por cento (20 %) das persoas que integran o órgano.

2. Agás que unha norma dispoña o contrario para asuntos concretos, os acordos adoptaranse por maioría de votos afirmativos contra os negativos, sen ter en conta as abstencións. No caso de empate nunha votación, a presidencia decidirá co seu voto de calidade.

3. Tras iniciarse unha votación esta non se poderá interromper.

4. Cando as persoas que integran o órgano voten en contra ou se absteñan quedarán exentas da responsabilidade que, de ser o caso, se poida derivar dos acordos, sempre que quede constancia do sentido do seu voto na acta da sesión. O sentido do voto non exime da obriga de executar os acordos e de que estes se cumpran.

Artigo 8. Actas das sesións

1. A secretaría redactará unha acta de cada sesión en que recollerá a relación das persoas asistentes e das ausentes que acheguen unha xustificación, a orde do día, o lugar e o horario en que se levou a cabo, os puntos principais das deliberacións e os acordos adoptados.

2. As sesións poderanse gravar para os efectos de elaborar a acta. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da autenticidade e integridade de tal ficheiro, poderá formar parte da acta. Nese caso, a acta escrita só conterá os acordos e os documentos, en papel ou en soporte electrónico, que se utilizasen como documentos da sesión sen necesidade de facer constar nela as deliberacións.

3. Por solicitude de calquera persoa integrante do órgano, na acta figurará o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican. Así mesmo, para os efectos previstos no artigo 7.4, deberase recoller na acta o sentido do voto das persoas que voten en contra ou se absteñan na adopción dun acordo.

4. Agás nos casos en que a gravación forme parte da acta, as persoas integrantes do órgano terán dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que lle entreguen no propio acto á secretaría do órgano o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención.

Así mesmo, as persoas que voten en contra dun acordo poden formular un voto particular explicativo do sentido do seu voto no prazo máximo de dous días desde o remate da sesión.

A secretaría poderá optar por transcribir na acta o contido dos escritos recibidos ou por incluílos como anexo.

5. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria posterior. Para iso estarán á disposición das persoas que integran o órgano desde o momento da súa convocatoria. Calquera solicitude de modificación ou inclusión na acta deberáselle comunicar por escrito á secretaría polo menos catro horas antes do comezo da xuntanza.

6. A secretaría poderá emitir unha certificación sobre os acordos adoptados. Se esta é anterior a que se probe a acta, farase constar de xeito expreso tal circunstancia.

7. A secretaría garantirá a adecuada publicidade dos acordos adoptados cando sexa necesaria e, en todo caso, nos supostos recollidos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 9. Medidas para conciliar a vida persoal, familiar e laboral

1. O Departamento fomentará unha cultura organizativa baseada na corresponsabilidade, o respecto e a sensibilidade cara ás situacións de conciliación das persoas membros da comunidade universitaria.

2. O Departamento promoverá medidas que favorezan a conciliación da vida

persoal, familiar e laboral das persoas que integran os órganos colexiados, entre elas as seguintes boas prácticas nas actuacións relativas aos órganos colexiados:

- a) As reunións dos órganos colexiados e das comisións convocaranse preferentemente entre as 9.00 e as 14.00 horas.
- b) As convocatorias realizaranse coa máxima antelación posible respecto da esixida por este regulamento e, se for o caso, adiantarase por correo electrónico a data da súa realización para favorecer unha axeitada planificación das tarefas.
- c) Na medida en que sexa posible, e en función dos medios dispoñibles, facilitarase a asistencia telemática ás reunións por necesidades de conciliación, coidados ou responsabilidades familiares a través do procedemento que estableza a presidencia do órgano.
- d) Procurarase que a duración das reunións sexa razoable e que a orde do día priorice os asuntos que requiran deliberación efectiva.

Sección segunda. O Consello de Departamento

Artigo 10. Composición

O Consello de Departamento estará integrado pola persoa directora, que o convocará e presidirá; pola secretaria ou polo secretario, que tamén o será do órgano; polo profesorado funcionario e polo profesorado permanente laboral integrado no departamento, que supoñerá o cincuenta e un por cento (51 %) do número total do Consello de Departamento; e por unha representación dos distintos sectores da comunidade universitaria, segundo o que establece o artigo 120 dos Estatutos.

Artigo 11. Competencias

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elixir a directora ou o director do departamento e, de ser o caso, revogala ou revogalo.
- b) Programar as actividades docentes do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e supervisar e aprobar as guías docentes das materias que teña encargadas.
- c) Formular as demandas do profesorado.
- d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e) Participar na selección e contratación do profesorado.
- f) Propoñer o nomeamento de doutoras ou doutores *honoris causa*.
- g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- h) Elaborar o Regulamento de réxime interno do departamento.
- i) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais

vixentes e polos Estatutos.

Artigo 12. Actuacións

1. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos nas materias da súa competencia e de recomendacións ou informes cando exerza funcións consultivas.
2. O Consello de Departamento poderá actuar en pleno ou en comisións delegadas. A presidencia do Consello de Departamento informará o pleno dos acordos adoptados nas comisións delegadas.
3. É indelegable o exercicio da potestade regulamentaria, que lle corresponderá sempre ao pleno.
4. O Consello de Departamento poderá crear comisións de estudo e asesoramento, temporais ou permanentes, de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e a súa composición.

Artigo 13. A Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento poderá delegar as súas competencias na Comisión Permanente, agás aquelas que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos que adopte a Comisión Permanente deberán comunicárselle ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria.
3. A Comisión Permanente estará composta por:
 - a) a persoa directora de Departamento, que a presidirá;
 - b) a secretaria ou o secretario, que exercerá as funcións de secretaría;
 - c) cinco persoas do profesorado funcionario ou permanente de distintas áreas de coñecemento;
 - d) unha persoa representante do resto do profesorado;
 - e) tres persoas representantes do estudantado;
 - f) unha persoa representante do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.
4. Para o seu funcionamento, a Comisión Permanente rexerese polo disposto neste regulamento para os órganos colexiados.
5. A Comisión Permanente renovarase tras a renovación do Consello de Departamento, sen prexuízo das modificacións que este poida acordar durante o seu mandato.

Sección terceira. Seccións departamentais

Artigo 14. Organización e competencias

1. O Departamento conta coa sección ou coas seccións departamentais seguintes:

- Estudos Ingleses (integrada pola área de Filoloxía Inglesa)
 - Filoloxía Latina (integrada pola área de Filoloxía Latina)
 - Filoloxía Románica (integrada polas áreas de Filoloxía Románica e Filoloxía Italiana)
 - Galego-Portugués (integrada pola área de Filoloxías Galega e Portuguesa)
 - Lingua e Literatura Españolas (integrada polas áreas de Lingua Española e Literatura Española)
 - Lingüística (integrada pola área de Lingüística Xeral)
2. O Consello de Departamento designará unha persoa encargada da coordinación da sección elixida por/entre o profesorado que forma parte dela.
3. Ademais das competencias que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá as seguintes competencias exclusivas:
- a) Propoñerlle ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de profesorado que correspondan á sección, incluíndo a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
 - b) Propoñerlle ao Consello de Departamento o Plan de organización docente (POD) do profesorado adscrito á sección.
4. As persoas coordinadoras da sección terán un mandato de tres anos, renovable por unha soa vez por un período da mesma duración.

CAPÍTULO II. Órganos unipersoais

Artigo 15. A directora ou o director de Departamento

1. A persoa directora de Departamento terá a representación e exercerá as funcións de dirección e de xestión ordinaria do departamento.
2. Correspóndelle á persoa directora de Departamento exercer as seguintes funcións:
 - a) Representar o departamento.
 - b) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos
 - c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades docentes do profesorado do departamento.
 - d) Organizar as funcións do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos adscrito ao departamento e controlar o seu cumprimento.
 - e) Executar as previsións orzamentarias.
 - f) Establecer o réxime de substitución temporal da persoa directora e secretaria para os casos de ausencia ou enfermidade.
 - g) Calquera outra función que lle atribúan a normativa vixente e os Estatutos.

Artigo 16. A secretaria ou o secretario de Departamento

A secretaria ou o secretario redactará a acta das sesións, custodiará a documentación, expedirá certificacións e exercerá calquera outra función que lle encomende a directora ou o director de Departamento ou lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

TÍTULO IV. Modificación do regulamento

Artigo 17. Modificación

1. A modificación deste regulamento poderá ser proposta polo vinte e cinco por cento (25 %) das persoas integrantes do Consello de Departamento, mediante un escrito motivado dirixido á dirección de Departamento.
2. A dirección do Departamento remitiralles a proposta de modificación ás persoas integrantes do Consello de Departamento, que disporán dun prazo de vinte días para presentaren emendas. Unha vez que remate este prazo, convocarase unha sesión para a súa deliberación e aprobar ou rexeitar a proposta.
3. A aprobación da modificación requirirá a aprobación por maioría absoluta das persoas que integran o Consello de Departamento e a súa aprobación posterior polo Consello de Goberno da Universidade.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Derrógase o Regulamento de réxime interno do Departamento de Letras aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xullo de 2017, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase o Consello de Departamento para desenvolver este regulamento e interpretar as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad